

BASES PARA O DESFILE – CONCURSO DE ENTROIDO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta convocatoria ten por obxecto regular a participación no desfile de Entroido do 2023 no Concello de Santiago de Compostela.

1. Marco legal

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións*
 - *Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.*
 - *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
 - *Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia*
 - *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*
 - *Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.*
 - Bases de execución do orzamento do Concello de Santiago
- Calquera outra disposición que, pola súa natureza, resulte de aplicación.

2. Contía

O obxectivo desta convocatoria é a concesión dos premios de Entroido, en réxime de subvencións de concorrencia competitiva, dentro dos límites establecidos nos orzamentos municipais, a aquelas asociacións ou particulares que resulten gañadoras no Desfile do Entroido do presente ano.

A contía total que se destina a esta finalidade é de 16.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2023 070 33800 4890100.

3. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión das subvencións obxecto desta convocatoria será o de concorrencia competitiva.

O anuncio da convocatoria publicarase na base de datos nacional de subvencións (BDNS) e no Boletín Oficial da Provincia.

4. Requisitos dos beneficiarios

Poderán ser beneficiarios destas subvencións as asociacións, legalmente constituídas, persoas ou grupos de persoas maiores de idade que realicen a actividade que fundamenta o seu outorgamento, sempre que non estean afectadas por ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e cumpran as condicións establecidas para cada categoría de participación.

5. Obrigas dos beneficiarios

Son obrigas dos beneficiarios destas subvencións as recollidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

6. Data do desfile, lugar de presentación dos participantes e percorrido

O desfile terá lugar o martes 21 de febreiro de 2023 e comezará ás 17.30 h; os participantes deben presentarse entre as 15.30 h e 16.30 h na Avenida de Ferrol.

O percorrido do desfile, será o seguinte:

Saída: Avenida de Ferrol pasando polas rúas Frei Rosendo Salvado, Praza Roxa, República do Salvador, Hórreo, Senra.

Remata: Avda. de Xoán Carlos I.

Unha vez rematado o desfile as carrozas aparcarán na Avenida da Coruña e as comparsas participantes desprazaranse ata a Sala Capitol, na rúa Concepción Arenal.

A organización velará en todo momento polo correcto funcionamento do desfile, podendo impedir a participación a calquera persoa, parella, grupo, comparsa ou carroza por motivos de seguridade.

7. Prazo e presentación de solicitudes de participación

As solicitudes para a participación no desfile do Entroido do Concello de Santiago de Compostela presentaranse a través da Sede Electrónica do Concello de Santiago de Compostela (<https://sede.santiagodecompostela.gal/>) ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Durante o proceso de inscrición, o concello asignará un número de identificación en cada unha das categorías que se presenten ao concurso (carrozas, comparsas, grupos, parellas e individual) co que deberán desfilan e presentar no caso de seren premiados.

O prazo para a inscrición será dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia ata o día 8 de febreiro de 2023.

As solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas.

8. Documentación da solicitude de participación

8.1 Persoas físicas

A documentación que conformará a solicitude é a seguinte:

- a) Formularios normalizados CS006EN modelos I e II dispoñibles na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela, nos que se indicará a categoría na que quere participar e a documentación que se achega.
- b) NIF do solicitante
- c) NIF do/a representante (de ser o caso: parella, grupo ou comparsa)
- d) (No caso de parella, grupo ou comparsa) Acordo de participación e designación de representante para os efectos de inscrición e xustificación neste concurso (anexo 2 dentro do formulario CS006EN modelo I)

8.2 Asociacións/Persoas xurídicas

- a) Formulario normalizado CS006EN modelos I e II dispoñibles na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela, nos que se indicará a categoría na que quere participar e a documentación que se achega
- b) NIF da asociación
- c) NIF do representante
- d) Documento acreditativo da composición actual da xunta directiva da asociación
- e) Acordo de participación e designación de representante para os efectos de inscrición e xustificación neste concurso (anexo 2 dentro do formulario CS006EN modelo I)

8.3 Documentación específica para a categoría de carrozas

A solicitude de participación na categoría de Carroza terá que vir acompañada de:

- a) Póliza de seguro contratada ao efecto
- b) Permiso de circulación en vigor

9. Categorías de participación

9.1. Carroza

Enténdese por carroza calquera elemento móbil, a motor ou non. As carrozas non poden exceder das seguintes medidas: 2,50 m de ancho por 4,20 m de alto e 9 m de longo.

Todas as carrozas deberán ser conducidas por persoal debidamente cualificado cos carnés pertinentes.

En ningún caso a organización é responsable dos elementos inseguros ou do mal uso dos vehículos tractores.

A carroza ten que ir acompañada dun mínimo de 15 persoas.

9.2. Comparsa

Enténdese por comparsa aquela agrupación que, baixo un tema común, estea composta por un mínimo de 15 persoas.

9.3. Grupo

Enténdese por grupo o colectivo que, baixo un tema común, estea composto por un mínimo de 3 e un máximo de 14 persoas.

9.4. Parella

Participación de dúas persoas

9.5. Individual

Participación dunha única persoa.

9.6. Comparsa de parroquias e barrios do Concello de Santiago de Compostela.

Agrupación que, baixo un tema común, estea composta por un mínimo de 15 persoas pertencentes a parroquias e barrios do Concello de Santiago de Compostela.

10. Premios

Os premios distribúense nas seguintes categorías e importes:

10.1. Carrozas

1º Premio 3.000,00 €

2º Premio 2.000,00 €

3º Premio 1.000,00 €

10.2. Comparsas

1º Premio 2.400,00 €

2º Premio 2.000,00 €

3º Premio 1.000,00 €

10.3. Grupos

1º Premio 800,00 €

2º Premio 400,00 €

3º Premio 200,00 €

10.4. Parella

1º Premio 400,00 €

10.5. Individual

1º Premio 300,00 €

2º Premio 200,00 €

3º Premio 100,00 €

10.6. Mellor comparsa das parroquias e barrios do Concello de Santiago de Compostela

1º Premio 1.200,00 €

2º Premio 600,00 €

3º Premio 400,00 €

O premio de mellor comparsa procedente das parroquias e barrios do Concello de Santiago de Compostela é incompatible con calquera dos anteriores.

Os participantes só poderán levar un premio na categoría na que participen.

Todos os premios están suxeitos a retencións. No caso das entidades sen fin de lucro poderán quedar excluídas da retención presentando certificado expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria no que conste que a entidade lle comunicou a opción pola aplicación do réxime fiscal especial regulado polo título II da Lei 49/2002, de 23 de decembro, do réxime fiscal das entidades sen fins de lucro.

11. Entrega de premios

A entrega dos premios farase de forma simbólica na Sala Capitol, logo de que o xurado, unha vez rematado o desfile, teña realizadas as súas valoracións e decidido os premiados.

O importe do premio seralle ingresado mediante transferencia bancaria aos gañadores, sempre e cando cumplan os requisitos de xustificación establecidos nestas bases.

12. Criterios de valoración

Os criterios de valoración do concurso serán apreciados por un xurado e terán en conta os seguintes aspectos: deseño, composición, colorido, investigación, orixinalidade e imaxinación, posta en escea, coreografía e harmonía.

O xurado estará composto como segue:

Presidente: o alcalde ou concelleiro/a no que delegue

Secretario/a: funcionario/a do Concello de Santiago

Vogais: cinco persoas pertencentes ao mundo da cultura, representantes de entidades culturais de recoñecido prestixio e asociacións da cidade. Estas persoas serán invitadas polo concello a formar parte do xurado.

A decisión do xurado será inapelable e darase conta dela á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación.

13. Documentación que teñen que presentar os gañadores/as

Finalizado o desfile e adxudicados os premios, os gañadores deberán presentar, a modo de documentación xustificativa, a través da Sede Electrónica do Concello de Santiago de Compostela (<https://sede.santiagodecompostela.gal/>) ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, **no prazo improrrogable dun mes dende a finalización do desfile**, a seguinte documentación:

- a) Formulario normalizado de xustificación CS023EN dispoñible na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela.
- b) NIF do solicitante
- c) NIF do/a representante
- d) NIF das persoas que vaian cobrar o premio
- e) Certificado de conta bancaria das persoas que vaian cobrar o premio
- f) Declaración responsable na que manifieste estar ao corrente das obrigas coa Axencia Española de Administración Tributaria, Seguridade Social, Axencia Tributaria Galega e Concello de Santiago e de non estar incurso/a en ningún dos supostos que aparecen no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, de incompatibilidade ou incapacidade para recibir subvencións, incluída no modelo CS023EN.

- g) O gañador do primeiro premio de carrozas deberá presentar os certificados de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Española de Administración Tributaria, Seguridade Social, Axencia Tributaria Galega e Concello de Santiago

13.1. Asociacións

- a) Formulario normalizado CS023EN dispoñible na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela
- b) NIF da asociación
- c) NIF do representante
- d) Alta no rexistro de asociacións da Xunta de Galicia
- e) Certificado de conta bancaria
- f) Declaración responsable na que manifieste estar ao corrente das obrigas coa Axencia Española de Administración Tributaria, Seguridade Social, Axencia Tributaria Galega e Concello de Santiago e de non estar incurso/a en ningún dos supostos que aparecen no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, de incompatibilidade ou incapacidade para recibir subvencións, incluída no modelo CS023EN.
- g) O gañador do primeiro premio de carrozas deberá presentar os certificados de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Española de Administración Tributaria, Seguridade Social, Axencia Tributaria Galega e Concello de Santiago

14. Falta de xustificación dos gañadores/as

No caso de non presentar a documentación xustificativa, no prazo indicado, enténdese por desistida a súa solicitude e perderá o dereito ao cobro do premio.

15. Aceptación das bases

A participación no desfile supón a aceptación das presentes bases reguladoras.